

Traballos para a comunidade co alumnado do Milladoiro

A Maía. O Concello de Ames vén de rubricar un acordo de colaboración experimental co director do Instituto do Milladoiro que consistirá en atender ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas e/ou ao que se vexa privado temporalmente do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da aplicación dunha sanción. Deste xeito, dito alumnado poderá realizar traballos para a comunidade nas mesmas dependencias municipais.

Desde o Concello de Ames e o IES enténdese a educación como un proceso no que debe estar involucrada toda a sociedade e as súas institucións, en especial, a da localidade na que o centro desenvolve o seu labor. Por este motivo, no curso 2015/2016 creouse a Rede do IES do Milladoiro como punto de encontro das institucións. **M.M.O.**